

COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE SOBRE A ESTRATEXIA E CONTROL DO SARS COV-2 NO ÁMBITO DO 1º CICLO DE ED. INFANTIL (0-3) PARA O CURSO 2022/23

INTRODUCCIÓN

Coa nova estratexia e control da SARS-CoV-2 na etapa de transición en Galicia, cómpre ir actualizando cando sexa necesario as medidas de implantación no *PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA AS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 FRENTE AO CORONAVIRUS APLICABLE A ESCOLAS INFANTÍS, CASAS NIÑO, PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA, ESPAZOS INFANTÍS E LUDOTECAS* (versión de agosto de 2021).

Logo de anteriores instrucións de cambio no devandito Protocolo, convén adaptar estas medidas de cara ao inicio do curso 2022/2023, manténdonos sempre alerta ante calquera posible nova situación que poida producirse e atendendo ao indicado polas autoridades sanitarias. Estas medidas poderán actualizarse cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiran.

1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS.

De conformidade co establecido coas instrucións de carácter xeral ditadas pola Xunta de Galicia e o establecido no citado Protocolo terase en conta:

- Cada centro educativo seguirá contando cun responsable Covid-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado e familias. Esta persoa seguirá exercendo a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración, co persoal do centro e coas familias.
- Tamén será a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Política Social e Xuventude, e, de ser o caso, das autoridades sanitarias.
- En cada centro educativo establecerase unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa, a quen informará sobre as medidas adoptadas e, de ser o caso, da evolución dos diferentes escenarios.



- O responsable Covid-19 de cada centro educativo deberá estar en disposición de dispoñer no menor prazo de tempo dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro (a información deberá agruparse por aula e co/s profesionais asignados á mesma, ou en contacto co alumnado da mesma) no que figure a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladado ás autoridades sanitarias.
- O responsable Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.
- Son principios básicos de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte á Covid-19 nos centros educativos:
 - As medidas de prevención persoal.
 - A limitación de contactos.
 - Limpeza e ventilación.
 - Xestión de casos.

2. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E COLECTIVA

- **Realizárase unha axeitada hixiene de mans:** recomendase priorizar o uso de auga e xabón durante cando menos 40 segundos e, se isto non é posible, pódese utilizar xel hidroalcohólico durante 20 segundos. Cando as mans están visiblemente sucias o xel hidroalcohólico non é suficiente, sendo necesario o uso de auga e xabón.
- Restrinxírase o uso de xel hidroalcohólico por parte do alumnado e **priorízase o uso de auga e xabón** ou doutros tipos de solucións xabonosas.
- **Ao tusir ou esbirrar cubrírase a boca e o nariz co cóbado flexionado.** Así mesmo, evítase tocar o nariz, os ollos e a boca porque facilita a transmisión. Deberán usarse panos refugables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso a unha papeleira con bolsa e a poder ser con tapa e pedal, facendo unha posterior hixiene de mans.
- **O uso de luvas** só é recomendable nas tarefas de limpeza.
- **O uso da máscara** rexérase pola lexislación vixente e posteriores actualizacións e recomendacións se as houber, tanto para traballadores como familias. En todo caso, no referido ao persoal o uso

da máscara será o establecido polos Servizos de prevención, xa que **o seu uso non é obrigatorio en xeral.**

- Neste contexto normativo no que a máscara non resulta obrigatoria é especialmente relevante lembrar a importancia de manter o resto de medidas de protección que, ao longo da pandemia, téñense amosado eficaces. Así, a hixiene de mans, a ventilación e evitar as aglomeracións seguen a ter un alto valor protector.
- Con todo, débese ter en conta que nos centros educativos pode haber poboación vulnerable, polo que a máscara resulta nestes casos particularmente recomendable. Polo tanto, e atendendo ás particularidades descritas, **resulta recomendable, con carácter voluntario, o uso da máscara no interior dos centros educativos por parte dos/as traballadores/as do centro**, de acordo ao establecido no documento *DIRECTRICES SOBRE O USO DAS MÁSCARAS NO ÁMBITO EDUCATIVO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (25/04/2022)* da Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Está permitido compartir obxectos, tanto dentro do grupo estable de convivencia como entre outros grupos de distintas aulas.

3. LIMITACIÓN DE CONTACTOS

Establécense medidas específicas de limitación de contactos para a situación actual a expensas de que poidan existir modificacións:

- **Os grupos estables de convivencia poden interactuar entre si**, en interiores e en exteriores, execpto no ámbito do comedor escolar e espazos alternativos habilitados para as comidas.
- **Permítese o acceso das familias tanto a espazos interiores como aos espazos ao aire libre** dos centros educativos e tanto para a entrada e saída do alumnado como para outras actividades, pero evitando aglomeracións.
- Tamén se permiten reunións de titoría individual coas familias en espazos interiores ben ventilados (ou ben ao aire libre), cumprindo coas medidas de protección e hixiene que estean vixentes e cada momento.
- As celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse, sempre que sexa posible, ao aire libre.



- Nas actividades complementarias que se desenvolvan no centro educativo poderán acudir persoas externas ao mesmo, sempre que manteñan as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde establecidas.
- **Manteranse as medidas de limpeza establecidas no Protocolo**, cando menos cunha desinfección ao día, sobre todo dos baños, espazos de comedor e as superficies de maior uso. Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
- **Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras**, todas con bolsa interior e protexidas con tapa, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
- **Maximizarase a ventilación**, intensificándoa de maneira especial entre quendas, espazos compartidos e especialmente ao comezo e fin da xornada, igual que durante os recreos sobre todo cando a metereoloxía así o permita, mantendo xanelas abertas para aumentar a subministración de aire fresco, non debendo usarse a función de recirculación do aire interior:

4. XESTIÓN DE CASOS

- A xestión de casos e contactos en centros educativos realizarase acorde á *Estratexia de vixilancia e control fronte á Covid-19 tras a fase aguda da pandemia e posteriores actualizacións*, e conforme ás pautas de vixilancia e control epidemiolóxico da Consellería de Sanidade.
- Lémbrese de forma xeral, e como froito de aprendizaxe da pandemia, que **non se recomenda a asistencia ao centro cando unha persoa presente síntomas agudos compatibles coa Covid-19 ou outra enfermidade infecciosa aguda e potencialmente transmisíbel**. Esta medida tamén ten xustificación polo propio benestar da poboación infantil.
- É necesario **manter a capacidade de vixilancia e as estruturas de coordinación necesarias**, no caso de que fose necesario intensificar a xestión de casos e contactos por un cambio na situación epidemiolóxica.